



DATOS IDENTIFICATIVOS

Comunicación oral e escrita: Español II

Materia	Comunicación oral e escrita: Español II			
Código	V01G160V01305			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Rodríguez Vega, María Regina Quilis Sanz, María José			
Profesorado	Quilis Sanz, María José Rodríguez Vega, María Regina			
Correo-e	mjquilis@uvigo.es xinavega@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	A materia presenta os aspectos teóricos e prácticos correspondentes a un nivel superior da lingua española oral e escrita.			

Competencias de titulación

Código			
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.		
A7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.		
A13	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación		
B1	Que o estudantado demostrase posuír e comprender coñecementos dunha área de estudo que parte da base da educación secundaria, que se adoita atopar nun nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.		
B2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.		
B3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.		
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado		

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Fundamentar con coñecementos teóricos unha expresión correcta e fluída en lingua española.	A6	B1
Promover a autonomía do alumnado para producir e correxir diversos tipos de textos orais e escritos, utilizando axeitadamente os recursos da lingua española.	A7 A13	B2 B4
Analizar e desenvolver exemplos de expresión oral e escrita.	A6	B1 B3

Contidos

Tema	
Tema 1. Aspectos avanzados de comunicación oral.	1.1. Corrección fónica, gramatical e léxica. 1.2. Preparación, ordenación e claridade de ideas. 1.3. Elementos externos da comunicación oral. 1.4 Elementos de comunicación non-verbal 1.5. Imaxe persoal e cortesía: relacións cos interlocutores.
Tema 2. Xéneros discursivos orais.	2.1. Ámbito científico-académico e profesional: xéneros monolóxicos e dialóxicos. 2.2. Ámbito social.
Tema 3. Aspectos avanzados de comunicación escrita.	3.1. Organización e creación textual. Construción e redacción dun texto. 3.2. Revisión e corrección de textos.
Tema 4. Os modos da organización discursiva.	4.1. Narración 4.2 A descrición 4.3. A argumentación 4.4. A explicación 4.5 O diálogo.
Tema 5. Tipoloxía textual	5.1. Textos xurídicos e administrativos 5.2. Textos periodísticos e publicitarios 5.3. Os textos escritos no ámbito da economía e a empresa

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	28	0	28
Resolución de problemas e/ou exercicios	12	24	36
Estudo de casos/análises de situacións	10	10	20
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	40	42
Traballos e proxectos	0	24	24

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	O profesor explicará os contidos esenciais de cada un dos temas, aclarando as cuestións chave da materia e orientando os alumnos e as alumnas sobre os aspectos fundamentais e secundarios.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Os alumnos e as alumnas prepararán a resolución de problemas e exercicios previamente á súa resolución na clase.
Estudo de casos/análises de situacións	Estudo de casos concretos extraídos dos discursos orais, académicos, profesionais e electrónicos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Para a realización de traballos tutelados, de exercicios e de traballos/proxectos e para a resolución de problemas ou estudos de casos, reservarase un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Os alumnos e as alumnas que o desexen poderán dispor de horas de consulta co profesor de xeito adicional ao horario establecido para as titorías.
Estudo de casos/análises de situacións	Para a realización de traballos tutelados, de exercicios e de traballos/proxectos e para a resolución de problemas ou estudos de casos, reservarase un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Os alumnos e as alumnas que o desexen poderán dispor de horas de consulta co profesor de xeito adicional ao horario establecido para as titorías.
Probas	Descrición
Traballos e proxectos	Para a realización de traballos tutelados, de exercicios e de traballos/proxectos e para a resolución de problemas ou estudos de casos, reservarase un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Os alumnos e as alumnas que o desexen poderán dispor de horas de consulta co profesor de xeito adicional ao horario establecido para as titorías.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Resolución de problemas e/ou exercicios	A preparación dos exercicios así como as intervencións na aula para participar na súa discusión e resolución serán axeitadamente valoradas.	10

Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Realización dun exame que conterá preguntas de carácter teórico e práctico sobre os contidos do curso.	40
Traballos e proxectos	Os alumnos e as alumnas escollerán unha cuestión de análise ou estudo na parte referida ao discurso oral e outra no discurso escrito. Contando un 25% cada traballo. O traballo de discurso oral terá que ser exposto e avaliarse a súa defensa.	50

Outros comentarios sobre a Avaliación

Ao comezo do curso, os alumnos e as alumnas deberán optar por unha forma de avaliación: continua (asistencia regular, traballos de aula, proxecto, etc.) ou única (exame oficial da materia o día 11 de decembro. Os alumnos da avaliación continua terán que facer a parte do exame (40%) nesa mesma data e poderán tamén recuperar ese día os traballos e exercicios que, de ser o caso, non tiveran aprobado.

Durante o período de traballo autónomo do 14 ao 25 de outubro, os alumnos deberán ler a obra *La cocina de la escritura* de Daniel Cassany.

Durante o período de traballo autónomo do 8 ao 17 de xaneiro, os alumnos deberán realizar a defensa do traballo de discurso oral.

É obrigatorio asistir ao 80% das aulas presenciais.

En todas as actividades de avaliación hai que acadar a metade da cualificación.

A segunda convocatoria consistirá nun único exame cuxa data fixará oficialmente a Facultade.

Bibliografía. Fontes de información

- ÁLVAREZ ANGULO, Teodoro, **Textos expositivos y argumentativos**, Barcelona, Octaedro,
- BASSOLS, Margarida y TORRENT, Anna M., **Modelos textuales. Teoría y práctica**, Barcelona, Octaedro,
- BJÖRK, Lennart y BLOMSTAND, Ingegerd, **La escritura en la enseñanza secundaria. Los procesos del pensar y del escribir**, Barcelona, Graó,
- BRIZ, Antonio (coord.), **Saber hablar**, Madrid, Aguilar,
- CALSAMIGLIA, Helena y TUSÓN, Amparo, **Las cosas del decir. Manual de análisis del discurso**, Barcelona, Ariel,
- CASSANY, Daniel, **La cocina de la escritura**, Barcelona, Anagrama,
- GÓMEZ TORREGO, Leonardo, **Hablar y escribir correctamente. 2 vols.**, Madrid, Arco/Libros,
- GÓMEZ TORREGO, Leonardo, **Ortografía y Gramática. Las normas académicas: últimos cambios**, Madrid, SM,
- HIMSTREET, William C. & BATY, Wayne M., **Guía para la redacción de cartas e informes**, Ediciones Deusto, Bilbao,
- JUÁREZ, Milagros, **Saber expresarse**, Acento Editorial, Madrid,
- LÓPEZ ALONSO, Covadonga. y SÉRÉ, Arlette (eds.), **Nuevos géneros discursivos: los textos electrónicos**, Biblioteca Nueva, Madrid,
- MANCHESTER OPEN LEARNING, **Cómo hacer presentaciones eficaces**, Gestión 2000, Barcelona,
- MONTOLÍO, Estrella (coord.), **Manual práctico de escritura académica. 3 vols.**, Ariel, Barcelona,
- PÁEZ, Enrique, **Escribir. Manual de técnicas narrativas**, Madrid, SM,
- PANO, Ana, **Dialogar en la red. La lengua española en chats, e-mails, foros y blogs**, Bern, Peter Lang,
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA Y ASOCIACIÓN DE ACADEMIAS DE LA LENGUA ESPAÑOLA, **Nueva gramática de la lengua española**, Madrid, Espasa,
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA Y ASOCIACIÓN DE ACADEMIAS DE LA LENGUA ESPAÑOLA, **Manual de la Nueva Gramática de la lengua española**, Madrid, Espasa Calpe,
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA Y ASOCIACIÓN DE ACADEMIAS DE LA LENGUA ESPAÑOLA, **Ortografía de la lengua española**, Madrid, Espasa,
- SÁNCHEZ LOBATO, Jesús (coord.), **Saber escribir**, Madrid, Aguilar,
- SANTIAGO GUERVÓS, Javier de, **Principios de comunicación persuasiva**, Madrid, Arco/Libros,
- SERRANO SERRANO, Joaquín, **Guía práctica de redacción**, Madrid, Anaya,
- SERRANO SERRANO, Joaquín, **Cómo redactar tus exámenes y otros escritos de clase**, Madrid, Anaya,
- VÁZQUEZ, Graciela (coord.), **El discurso académico oral. Guía didáctica para la comprensión auditiva y visual de clases magistrales**, Madrid, Edinumen,
- VÁZQUEZ, Graciela (coord.), **Guía didáctica del discurso académico escrito**, Madrid, Edinumen,
- VÁZQUEZ, Graciela (coord.), **Actividades para la escritura académica**, Madrid, Edinumen,

Recomendacións